Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 8 de outubro de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2794

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE TRES AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA O ANO 2027.

Por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria celebrada o día 5 de outubro do 2026 esolución aprobáronse as bases da convocatoria para a selección de tres auxiliares Policía Local.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitude farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 7 de outubro de 2026.- A primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2795

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0168 de data do 7.10.2026, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de setembro de 2026 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 173,80 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 297,69 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 7 de outubro de 2026.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2796

PORTOMARÍN

Anuncio

INFORMACIÓN PUBLICA:

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón AUGA/LIXO XULLO - SETEMBRO/2026.

- Taxa Padrón CANON XUNTA DE GALICIA XULLO - SETEMBRO /2026.

Expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2026 (19/10/2026 08:00:00)